

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### VALEDOR DO POBO

*RESOLUCIÓN do 4 de outubro de 2021 pola que se aproba a concesión das bolsas destinadas a persoas con discapacidade psíquica para a formación práctica neste organismo, convocadas pola Resolución do 22 de xullo de 2021 (Diario Oficial de Galicia número 150, do 6 de agosto).*

Vista a proposta formulada pola xefa do Servizo de Administración e Persoal para a concesión das bolsas destinadas a persoas con discapacidade psíquica para a formación práctica na institución da Valedora do Pobo, convocadas pola Resolución do 22 de xullo de 2021 (DOG núm. 150, do 6 de agosto),

#### RESOLVO:

Primeiro. Conceder as dúas bolsas convocadas aos solicitantes que se relacionan no anexo I por teren obtido a maior puntuación, de conformidade cos criterios de valoración fixados na base novena da Resolución do 22 de xullo de 2021.

Segundo. Facer pública a resolución definitiva de concesión de bolsas e a relación complementaria de suplentes (anexo II), de conformidade coa base décimo primeira da convocatoria.

Terceiro. De conformidade coa base décimo segunda da convocatoria, as persoas seleccionadas deberán incorporarse para o desenvolvemento dos labores de formación ao día seguinte da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Se transcorridos sete días naturais desde a dita data a incorporación das persoas seleccionadas non se produce, a bolsa poderase entender rexeitada, salvo causa xustificativa.

Cuarto. A presente resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Valedora do Pobo.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso contencioso-administrativo, de conformidade co establecido nos artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente, e con carácter previo, poderase interpor recurso de reposición, ante



este mesmo órgano, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2021

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo

**ANEXO I**

| Aspirantes | Total |
|------------|-------|
| ***7881**  | 17    |
| ***9447**  | 15    |

**ANEXO II**

| Aspirantes | Total |
|------------|-------|
| ***2217**  | 14    |
| ***9081**  | 14    |
| ***8852**  | 10    |
| ***7822**  | 9,50  |
| ***1086**  | 9     |
| ***7288**  | 5     |

